



EN
VÍDEO



CONFIANZA NOS ROBOTS PARA AUMENTAR A PRODUCCIÓN E O BENESTAR DAS VACAS

A SAT Acebo Corrales, de Meruelo (Cantabria), é unha granxa de orixe familiar que hai uns dous anos pensou no cambio ao muxido robotizado. Entre os socios, Diego Acebo, os seus pais, José Ramón Acebo e Montserrat Matanza, e a súa tía, Almudena Acebo, existían diversos prexuízos sobre o que sería dar o salto aos robots.

Diego liderou a aposta por este sistema de muxido, confiando en que conseguirían maior produción, mellor benestar para os animais e máis flexibilidade e calidade de vida para eles mesmos.

Así foi. Aumentaron o leite uns cinco litros, as vacas pasaron de muxirse dúas veces a muxirse unha media de 3 ou 3,2 e, grazas a todo isto, ven un rabaño moito máis tranquilo.

Ademais dos dous robots R9500, incorporaron os colares Cow Scout, cos que melloraron a detección de celos e o control de saúde das súas frisonas.



Para máis información:
GEA.com/es

GEA Engineering
for a better
world.

SAT ACEBO CORRALES

Localización: Meruelo (Cantabria)
Número total de animais: 270-280
Vacas en muxidura: 125
Media de produción: 38,5 l/vaca/día
Media de número de muxidos: 3-3,2
Porcentaxe de graxa: 3,80 %
Porcentaxe de proteína: 3,50 %
RCS: 180.000 céls./ml



→ “Estamos moi contentos. Se tivéssemos que escoller unha marca de novo, decantariámonos por GEA”

Cando comezaron a muxir cos dous robots GEA?

Muxiamos cunha sala 2x10 e hai dous anos, máis ou menos, que comezamos a valorar o tema dos robots.

O meu pai e a miña tía eran máis reticentes ao cambio, pero eu sempre crin que eran unha boa cousa, porque as vacas están moito máis controladas, a produción adoita aumentar e achegan unha forma diferente de traballar.

A verdade é que estamos moi contentos. Se tivéssemos que volver elixir unha marca, decantariámonos por GEA, por suposto.

No cambio de sala a robot, tiveron que descartar vacas?

Por culpa dos robots non descartamos ningún animal. Só eliminamos exemplares cando xa son vellos ou a produción comeza a diminuír.

Os robots de muxido permítenlles maior flexibilidade e conciliación familiar?

O feito de ter instalado os robots axúdanos en moitos aspectos, pero, sobre todo, na conciliación familiar porque non tes a obriga de estar na granxa ás seis da tarde. Este sistema dáche moita máis flexibilidade de horarios.

Por que elixiron GEA?

Nós escollemos GEA porque nos gustou moito a separación por cuartos, pois podes separar o leite dun só teto sen ter que separar a vaca enteira.

Ademais, pareceunos moi interesante o acceso aos robots grazas ao foso e á opción de muxido manual, porque che permite manter unha vaca que teña moita produción e que, por calquera motivo, non entre ben no robot.

Ademais, temos un bo servizo cos distribuidores da zona, Agrocantabria. Levabamos sete anos coa sala e non podemos dicir nada malo.

Notaron cambios na produción cos robots?

Si. Ao instalar os robots, notamos que as vacas aumentaron a produción uns 4 ou 5 litros. Antes estabamos sempre cunha media de 33 e agora mesmo estamos en 38,5 litros por vaca e día.

As vacas están moito máis tranquilas. Hai vacas que se están muxindo 4 ou 5 veces ao día, que é o que precisan. Coa sala a dous muxidos, o leite apertáballes demasiado.



“Pareceunos moi interesante o acceso aos robots grazas ao foso e á opción de muxido manual”



“Hai vacas que están muxíndose 4 ou 5 veces ao día, que é o que necesitan”

→ “Ao poñer os robots notamos que as vacas aumentaron a produción uns 4 ou 5 litros”

E co sistema Cow Scout?

Os colares son unha gran vantaxe, porque todos os días vexo os celos e controlo a ruminación. En canto comprobei que unha vaca non está ruminando ben, é que lle pasa algo.

Como influíu o robot na calidade do leite?

Á parte de incrementar a produción, aumentamos as porcentaxes de graxa e proteína.

Intervíñeron GEA e Agrocantabria no deseño e colocación dos robots?

Si. Entre os técnicos de Agrocantabria e os de GEA fóronnos guiando pouco a pouco para ver por onde debíamos ir. Chegamos a un consenso para poñer os dous robots xuntos con sala de espera. A idea foi deixar dúas áreas de separación para vacas que estean en celo ou enfermas.

Teñen algún equipamento máis de GEA?

De momento, contamos cos robots, os colares e os cepillos rascadores. Temos en mente incorporar unha amamentadora e un arrimador de comida.

Pensaron en medrar ou instalar máis robots no futuro?

Estaría ben poder medrar e instalar un terceiro robot, pero estamos moi limitados de espazo.



“Os colares son unha gran vantaxe, porque cada día vexo celos e controlo a ruminación”



“Temos en mente incorporar unha amamentadora e un arrimador de comida de GEA”



Félix Collantes
*Técnico comercial
de Agrocantabria,
distribuidor de GEA
en Cantabria*

→ “A medición de células somáticas e a separación cuarto por cuarto permítennos conseguir unha moi boa calidade de leite”

Esta granxa conta cun deseño en tráfico libre. Cales son as súas características?

Nesta gandería decidimos facer un deseño en tráfico libre, con dous robots colocados na antiga sala de espera. Sacámoslos un pouco cara a fóra da nave para conseguir máis amplitude na zona de espera dos robots e decidimos colocalos en paralelo cun único foso, para que o manexo fose máis cómodo e eficaz.

Instalamos dous robots GEA R9500 con todas as prestacións. Destaca a medición de células somáticas e a separación cuarto por cuarto, o que nos permite lograr unha moi boa calidade de leite.

Construímos tamén dúas zonas de separación. Unha delas ten cama quente para vacas con problemas e a outra é unha zona pensada para vacas en celo, para que se manteñan separadas ata que se inseminen.

Que destacaría do traballo de Agrocantabria nesta instalación?

Como distribuidores, e sempre co apoio de GEA, elaboramos o deseño previo da colocación dos robots. Barallamos varias opcións co cliente e, finalmente, decidimos que esta era a mellor.

Posteriormente, procedemos á instalación dos robots e á súa posta en marcha.

No arranque, acompañamos e asesoramos o gandeiro ata que se empeza a sentir cómodo co novo sistema de muxido robotizado.

Por último, ofrecemos un servizo técnico as 24 horas os 365 días do ano.